

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA FINALIZAR A “II CAMPAÑA PROVINCIAL DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA” NA PROVINCIA DE OURENSE**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.

DECLARA:

Que esta Sociedade ten previsto formalizar coa Deputación Provincial de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a sinatura do mesmo e ata a total execución das accións previstas, e, en todo caso, non poderá ter unha duración superior a un ano.

Antecedentes

A andaina do programa de compostaxe doméstica de SOGAMA arrancou no ano 2010 co obxectivo de axudar aos concellos, especialmente os de carácter rural, a diminuír a cantidade de lixo producido, instaurando prácticas de autocompostaxe nas vivendas unifamiliares que dispuxeran de terreo (xardín, horta e/ou terras de cultivo) no que empregar o abono natural obtido a través da fermentación controlada da materia orgánica.

Con isto, a entidade pública pretendía colaborar cos entes locais para que estes poideran alcanzar os beneficios ambientais, económicos e sociais que trae consigo a compostaxe doméstica.

Desde a dimensión ambiental, porque, tendo en conta que a fracción orgánica dos refugallos representa ao redor do 40% do volume total do lixo producido nos fogares, este sistema permite minorar a frecuencia de recollida dos contedores convencionais, así

como o transporte dos residuos, diminuíndo igualmente as emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera.

Desde a dimensión económica, porque ao reciclar ese 40% en orixe, redúcese o depósito de refugallos nos contedores verdes xenéricos, entregando menos cantidade a Sogama e, xa que logo, diminuíndo o importe da factura a pagar a Sogama.

E desde a dimensión social, porque se recupera unha práctica tradicional no rural galego como é a separación de restos orgánicos para alimento do gando e/ou fabricación de compost, coa particularidade de que se posibilita que os cidadáns reduzan os desprazamentos aos contedores, polo xeral distanciados das vivendas debido á alta dispersión da poboación que habita na meirande parte dos concellos galegos.

Tamén a partir do ano 2010, SOGAMA vén colaborando coa Deputación de Ourense con programas específicos de compostaxe doméstica que arrancou en 37 municipios da provincia que tiñan delegado no ente supramunicipal a xestión dos residuos urbanos. Durante os anos 2011, 2012 e 2013, sumáronse, nestas mesmas condicións, máis concellos da provincia, abrindo, no período 2015-2016, a posibilidade de participar nesta iniciativa a todas as vivendas dos 50 concellos aos que a Deputación lles prestaba o servizo de recollida de residuos urbanos en réxime de competencias delegadas.

3. Como continuación aos convenios asinados por ambas as dúas partes en anos anteriores co obxectivo de promover, instaurar e reforzar a compostaxe doméstica nos concellos da provincia de Ourense con poboación non superior a 20.000 habitantes (todos menos Ourense capital), a finais de 2019 decidiuse pór en marcha a “II Campaña provincial de compostaxe doméstica”. No transcurso dos dous primeiros meses do 2020, comezouse a tramitar a contratación das partes esenciais da campaña, isto é, a subministración de composteiros, as tarefas propias de publicidade e difusión, así como a formación dos participantes e seguimento da iniciativa.

Con motivo do impacto da COVID-19, a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou este virus como “pandemia” en toda Europa, sendo declarado o “Estado de Alarma” en España con data 11 de marzo de 2020. No marco do mesmo, procedeuse á suspensión de todo tipo de acción educativa ou formativa, circunstancia que derivou no desestimento do contrato de formación e seguimento da campaña, así como a rescisión do contrato de publicidade.

Neste escenario, tomouse a decisión conxunta de destinar a totalidade dos fondos do convenio 2019-2020 (60.000€) á compra de composteiros, de tal xeito, que no ano 2021, se desenvolverían as actividades pendentes, isto é, a publicidade, a formación e o seguimento.

Pero finalmente, na anualidade do 2021, solo se levou a cabo a publicidade en medios de comunicación da campaña de compostaxe, xa que no transcurso deste ano, sucedéronse novas variantes do dito virus, caracterizadas pola súa rápida velocidade de contaxio. Neste escenario, e por motivos sanitarios, decidiuse pospoñer o comezo da fase de formación e seguimento, ata que a situación sanitaria fose máis favorable. É preciso recordar, que esta etapa execútase con visitas presenciais aos diferentes fogares da provincia, sendo imposible a formación telemática. A razón é que estamos a traballar en zonas rurais moi envellecidas, onde unha boa parte da poboación non dispón dos medios dixitais necesarios e tampouco está entrenada no uso das novas tecnoloxías.

### Finalidade e Obxecto do Convenio

Consonte ao anterior, regular as condicións de financiamento para completar a realización da “II Campaña provincial de compostaxe doméstica” e, polo tanto, levar a cabo as actividades que quedaron pendentes de executar por mor da COVID-19: a formación dos participantes e o seguimento da iniciativa.

O importe das actuacións contempladas no devandito convenio ascende a un total de 31.277,29 euros (IVE incluído), importe que sería sufragado ao 50% por ambas as dúas partes, aportando Sogama 15.638,65 euros e a Deputación de Ourense outros 15.638,65.

Dito importe irá destinado a sufragar os gastos necesarios para as actividades formativas dos seleccionados, o seguimento das actividades de compostaxe que realicen os mesmos ate esgotar, con todas as accións descritas o presuposto establecido para o desenvolvemento do convenio.

Fundamentación do instrumento convencional:

Os anteriores antecedentes e finalidade, así como que os intereses converxentes das partes asinantes en orden á consecución do obxecto referido que exclúen o ánimo de lucro, non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, ao concorrer as condicións establecidas no seu artigo 6.1 da mencionada Lei.

Presidente

Javier Domínguez Lino